



Grupo Municipal
RIBEIRA

LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa **dotación da dobre bionda protectora á Autovía do Barbanza**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando esté rematada a autovía do Barbanza vai facilitar a comunicación da nosa comarca co resto de Galiza así como ser a “*espiña dorsal*” que vertebre as comunicacións dos catro concellos que forman a mancomunidade.

Sen dúbida, a seguridade vial ten que ser unha das premisas básicas sobre as que se debe pór en marcha esta importante infraestrutura.

Nos pasados meses foron moitos/as os/as motociclistas que se concentraron polos concellos da comarca demandando a instalación de dobre bionda protectora na autovía do Barbanza.

Por outra banda o Plan de Seguridade Viaria de Galiza 2006-2010 prevé entre as súas liñas de actuación a “adaptación progresiva da infraestrutura e o seu equipamento ás particularidades dos e das motociclistas nos itinerarios máis frecuentados”, ao obxecto de identificar e actuar nos tramos de concentración de accidentes mortais. Así pois non ten sentido que a nova autovía non teña en todo o seu percorrido un sistema acaído de protección para os moteiros/as que evite a gravidade dos accidentes que se poidan producir.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

A C O R D O :

Que o concello de Ribeira inste á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte a que dote todo o percorrido da autovía do Barbanza cun sistema de protección de dobre bionda para os moteiros/as que circulen por ela.

Ribeira, 17 de outubro de 2008

Asdo.: Luís Teira Parada

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA